




**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE XUÑO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día catorce de xuño do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Non asisten os concelleiros Sr. Español Otero e Sra. Vicente Baz.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 16 de maio e 5 de xuño de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Vista a Orde de 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para a obra "Instalación acometida subterránea para compactadora en Punto Limpo" cun orzamento



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



de 5.432,26 euros (IVE engadido) aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Vista a Orde de 20 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede a súa convocatoria para o ano 2013, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda solicitar unha subvención ao abeiro desta Orde comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que corresponda.

Visto o informe-proposta da directora do Centro de Información á Muller no que motiva a prórroga por dous anos máis (2013 - 2014) do II Plan de Igualdade do Concello da Guarda aprobado en sesión plenaria de data 28/11/2008, a Xunta de Goberno Local acorda prestar conformidade a mesma e remiti-la á Comisión de Asuntos Plenarios para o seu sometemento ao Pleno do Concello.

Vista a resolución do 24 de maio de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede a súa convocatoria para o ano 2013, a Xunta de Goberno Local, Organo competente para elo, ACORDA SOLICITAR AS SEGUINTE SUBVENCIONS DE ACORDO CO ESTE CADRO:

1.- PROGRAMA DE APOIO ÓS CIM

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Incentivos ao emprego estable no CIM para o desempeño das funcións de dirección, asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico	24.000,00 €	24.000,00 €
Subvención para a contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación de servizos de asesoramento	16.200,00 €	16.200,00 €



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



xurídico e psicolóxico do CIM		
TOTAL	40.200,00 €	40.200,00 €

2.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XENERO.

2.1.- Area de promoción da igualdade

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Actividades dirixidas á poboación infantil para favorecer a coeducación	3.600,00 €	2.808,00 €

2.2.- Area de prevención e tratamentoda violencia de xenero

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xenero	6.100,00 €	4.758,00 €

Visto o escrito RE 3.171 de 12 de xuño de 2013, presentado pola DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL, xunto co que remiten o Convenio de Colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, a Deputación de Ourense e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA adherirse ó citado convenio para a súa ratificación polo Pleno, manifestando a súa vontade de adherirse a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.

Lese o escrito RE 3.183 de data 13 de xuño de 2013, presentado por DNA. PURIFICACIÓN ALVAREZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Brasil, nº 58 da Guarda, actuando en nome da Asociación Contra o Cancro do Baixo Miño, e solicitando autorización para levar a cabo unha cuestación o día 28 de xullo de 2013, necesitando para elo o préstamo dunha mesa e dúas cadeiras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Dase conta do informe da Oficina de Xestión Tributaria de data 11 de xuño de 2013 relativo ao escrito RE 384 de data 25 de xaneiro de 2013, presentado por D. BERNARDO BAZ PENA, con enderezo na rúa da Cal, nº 14- Bloque 1 - 4º A da Guarda, solicitando unha revisión nos recibos de consumo de auga relativos ao 2º e 3º trimestre de 2012 por anomalías nas lecturas dos contadores.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda desestimar a reclamación así como advertir ó solicitante que, de acordo coas Normas Técnicas de Edificación elaboradas polo Ministerio de Vivenda, os contadores para controlar cada consumo particular deben colocarse nun lugar facilmente accesible.

Lese o escrito RE 3.012 de data 6 de xuño de 2013, presentado por D. MANUEL MARTINEZ PENIZA, en calidade de Presidente do Clube de Fútbol Feminino C.U.D. Unión Guardesa, solicitando autorización para usar o campo de fútbol municipal o día 10 de agosto de 2013 con motivo dun torneo de fútbol feminino en colaboración coa Comisión das Festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.084 data 7 de xuño de 2013, presentado por D. GERARDO ALVAREZ MARTÍNEZ, na súa calidade de presidente do Clube Ciclista O Rosal, con enderezo a efectos de notificación na rúa Trav. Brasil, nº 3 de A Guarda, solicitando colaboración do Concello mediante a axuda da Policía Local e Protección Civil, así como que se lles facilite unha ambulancia que inclúa na súa dotación a presenza dun médico para o XXVII Trofeo Festas do Monte de Ciclismo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta da sentenza nº 330/13 (RE nº 2.999 de 5 de xuño de 2013) dictada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo na que se desestima a demanda formulada contra o Concello da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a setencia dictada o día 31 de maio de 2013 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 7043/2013 entablado polo Concello da Guarda contra o auto dictado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentencia nº 38/08, dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 105/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde do Concello da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licencia de obras para unha vivenda unifamiliar a Dna. Elvira Castro Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a setencia dictada o día 31 de maio de 2013 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4131/2013 entablado polo Concello da Guarda contra o auto dictado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentencia nº 35/08, dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 106/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde do Concello da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licencia de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Enrique Núñez González.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 3.103 de data 7 de xuño de 2013, presentado por ASOCIACIÓN AUTÓNOMA DE EMPRESARIOS DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ATRA) denunciando a existencia do taller ilegal na rúa Manuel Rodríguez Sinde e solicitando a intervención do Concello para legalizar a súa situación ou, no seu defecto, para a súa erradicación.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó departamento de urbanismo para que xiren visita de inspección e emitan un informe para a adopción das medidas oportunas.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 2.519 de data 15 de maio de 2013, presentado por M^a. GUADALUPE MARTINEZ MARTINEZ, actuando en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO LA MARINA, con domicilio na rúa da Cal, nº 14-4º, solicitando que o Concello contribúa coas labores de limpeza e mantemento da zona de paso das escaleiras porticadas entre a rúa Cal e a Praza de San Benito.

A Xunta de Goberno Local acorda adoptar as medidas oportunas para a súa limpeza.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a lista de prezos presentada para a XXIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira.

Sendo as doce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.